

Factores territoriais de competitividade

A continuación, (Táboa 112) se enumeran as propostas froito do proceso de diagnose e posta en común corresponden-

tes á área de traballo 2 “Factores territoriais de competitividade”.

TÁBOA 112.

RETOS E PROPOSTAS DA ÁREA DE TRABALLO 2 “FACTORES TERRITORIAIS DE COMPETITIVIDADE”.

RETOS	PROPOSTAS
 RETO 1.- Por unha priorización de terminais loxísticas e de chan industrial encaixada na eurrrexión.	2.1.1. Garantir a dispoñibilidade de chan empresarial con fórmulas de adquisición flexibles e coherentes coas necesidades loxísticas e industriais, monitorizando cun observatorio oferta e demanda en tempo real.
	2.1.2. Potenciar as solucións TIC para optimizar custos e tempos, así coma para mellorar a visibilidade e relación entre empresas de distintos sectores co ánimo de intensificar a saturación do transporte.
	2.1.3. Deseñar unha estratexia loxística na que a intermodalidade impulse un plan de modernización e especialización intelixente de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias.
	2.1.4. Promover as actuacións necesarias cara a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías.
 RETO 2.- Por un equilibrio entre o custo do subministro eléctrico e a redución das emisións de CO2.	2.2.1. Fomentar o redeseño ecoeficiente dos procesos industriais, tanto na xestión de fluxos loxísticos como nas decisións de investimento en “end-of-pipe technologies”.
	2.2.2. Mellorar os custos da enerxía facilitando a xeración distribuída, a difusión de redes intelixentes de electricidade e a potenciación dun mix tecnolóxico que incorpore o uso de renovables.
 RETO 3.- Pola transformación dixital da industria galega	2.3.1. Deseñar un programa público de sistematización da excelencia operacional, captura de datos e a virtualización de procesos, como paso previo á incorporación de tecnoloxías asociadas á Industria 4.0.
	2.3.2. Vincular a implantación de tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFEs) á innovación en modelos de negocio para estimular a diversificación das empresas galegas, particularmente nos sectores tractores galegos.
	2.3.3. Crear un Observatorio dos factores de competitividade das empresas manufactureiras para afrontar con maiores garantías a transición dixital.

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 113.

**PROPOSTA
2.1.1**

Garantir a dispoñibilidade de chan empresarial con fórmulas de adquisición flexibles e coherentes coas necesidades loxísticas e industriais, monitorizando cun observatorio oferta e demanda en tempo real.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.1.- Por unha priorización de terminais loxísticas e de chan industrial encaixada na eurorrexión.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. - Subliña 2.1: Establecemento de medidas de homoxeneización e redución do custo loxístico e de transporte. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade 1.2: Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as. - Obxectivo Estratéxico 1.2.01: Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Os datos recompilados para o informe parecen suxerir que o chan industrial dispoñible en Galicia ten certos desaxustes respecto ás necesidades xeográficas das empresas. Deste xeito, non só se perciben diferenzas importantes de ocupación entre as provincias da costa e as do interior, senón que dentro delas tamén se producen desequilibrios significativos. Sen dúbida, esta situación agrávase pola falta dun censo que agrupe a oferta de chan industrial (tanto pública como privada). Esta falta de datos impide, ademais, a avaliación *ex ante* e *ex post* das actuacións que se levan a cabo neste eido.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Acadar unha xestión máis eficiente do stock galego de chan industrial, mellorando o axuste entre as novas actuacións relativas ao terreo industrial e ás necesidades das empresas.

Perséguese garantir que as empresas teñan dispoñibilidade de chan industrial nas condicións de localización, tamaño, dotación de servizos e infraestruturas que demanden, proporcionándolles facilidades (financeiras e fiscais, entre outras) para a adquisición dese inmovilizado. Ao mesmo tempo, preténdese establecer mecanismos que conecten a oferta e a demanda de chan industrial, xerando un rexistro de información que permita un mellor deseño das iniciativas, así coma unha avaliación máis completa dos resultados obtidos.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Encomenda do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a Sociedade de Xestión do Solo de Galicia- Xestur S.A. para a posta en marcha do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia, segundo resolución do 28 de agosto de 2017.
- Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia de 17 de outubro de 2017, onde se contempla a creación do censo de solo empresarial de Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xestur S.A., IGVS, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEQUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.1.1.1	Ocupación do chan industrial en Galicia (%).	n.d.	-
I.2.1.1.2	Superficie de chan dedicado a uso industrial en Galicia respecto ao total (%).	0,12% (2016)	0,18% (▲ 50%)
I.2.1.1.3	Empresas do sector manufactureiro galego asentadas en polígonos industriais (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 114.

**PROPOSTA
2.1.2**

Potenciar as solucións TIC para optimizar custos e tempos, así coma para mellorar a visibilidade e relación entre empresas de distintos sectores co ánimo de intensificar a saturación do transporte.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.1.- Por unha priorización de terminais loxísticas e de chan industrial encaixada na euronrexión.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 3: Unha axenda dixital para Europa. Axenda Dixital para España. Obxectivo 2: Desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización da empresa española. - Subobxectivo 2.1: Incentivar o uso transformador das TIC nas nosas empresas. - Obxectivo 5: Impulsar o sistema de I+D+i en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. - Subobxectivo 5.3: Fomentar a I+D+i en TIC en pequenas e medianas empresas. RIS 3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. - Prioridade 2.3: Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

As TIC maximizan a velocidade coa que se intercambia información, facilitan o procesamento e a análise de datos e melloran a calidade da comunicación dentro da compañía e cos seus provedores. Particularmente no campo da loxística, as tecnoloxías de localización están supoñendo unha verdadeira revolución na xestión das flotas proporcionando a posición de cada un dos vehículos e o seguimento das rutas realizadas. Os sistemas de navegación facilitan a selección da ruta máis adecuada para aforrar enerxía e reducir as emisións de CO₂, mentres que as bolsas de vehículos dentro da rede permiten facer rendibles os desprazamentos ao fomentar a optimización das cargas e evitar retornos sen carga. Segundo puidemos comprobar na análise realizada, Galicia é a octava Comunidade Autónoma no relativo a gastos medios en TICs por empresa, moi afastada das Comunidades punteiras e cunha cifra que alcanza o 31% do gasto medio a nivel nacional.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Optimizar os fluxos internos e externos das nosas empresas aproveitando as ferramentas TIC dispoñibles. Preténdese fomentar a implantación de solucións TIC nas empresas manufactureiras cara a reducir os seus custos e tempos nas operacións loxísticas, aproveitando, ademais, estas tecnoloxías para aumentar a visibilidade e a cooperación entre as empresas de cara a optimizar os transportes a través dunha maior saturación nos envíos.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA3/16. Elaboración da estratexia integral de optimización loxística de Galicia (PA 3/16).
- 2017_XUNTA_REACCIONA_TIC.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación (GAIN), Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Os operadores loxísticos.
- O medio ambiente.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.1.2.1	Gasto total das empresas galegas en bens de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (euros). ⁽¹⁾	16.517.060€ (2016)	33.034.120€ (▲ 100%)
I.2.1.2.2	Empresas galegas que dispoñen dalguna aplicación informática para xestionar información de clientes (ferramentas CRM) (%). ⁽¹⁾	24,36% (2016)	35,54% (▲ 50,00%)
I.2.1.2.3	Empresas da CC.AA. de Galicia que utilizan aplicacións de procesamento automático de información tipo ERP (%). ^{(1) (2)}	14,76% (2016)	29,52% (▲ 100%)

Notas:

(1) INE (2017c)

(2) O indicador do INE fala de software de código aberto

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 115.

PROPOSTA 2.1.3	Deseñar unha estratexia loxística na que a intermodalidade impulse un plan de modernización e especialización intelixente de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias.
---------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.1.- Por unha priorización de terminais loxísticas e de chan industrial encaixada na euronrexión.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. - Subliña 2.1: Establecemento de medidas de homoxeneización e redución do custo loxístico e de transporte. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade de Actuación 1.4: Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Infraestruturas e loxística. -Medida 4: Coordinar un esquema integrado e único de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias, complementadas con transporte por estrada.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En Galicia, no ano 2015, o 80,9% das mercadorías foron transportadas por estrada. Esta concentración é derivada en parte da falta de interconexión entre as diferentes infraestruturas. Un dos factores que parece influír nesta preponderancia do transporte por estrada é a falta de interconexión entre as diferentes infraestruturas, o que dificulta a intermodalidade do transporte. Exemplo claro desta situación o atopamos na mellorable conectividade entre o ferrocarril e as plataformas loxísticas dos portos, circunstancia que impide un maior aproveitamento da privilexiada posición xeoestratéxica dos portos galegos. No relativo as terminais portuarias cómpre sinalar, ademais, a escasa diversificación nos tipos de mercadorías que presentan os portos galegos.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Racionalizar o transporte de mercadorías dotándoo dunha maior intermodalidade co obxecto de adaptalo ás novas esixencias do mercado e aos requirimentos medio ambientais.

Elaboración e implantación dunha estratexia que permita mellorar a eficiencia no transporte de mercadorías. Con este obxectivo, a estratexia deberá buscar unha mellor conexión entre os diferentes medios de transporte, facilitando deste xeito a intermodalidade dos mesmos. Esta circunstancia favorecerá a potenciación dos portos galegos coma hubs de transporte cara América, África e o Norte de Europa. Tamén se establecerá, coma obxectivo estratéxico, o acadar unha diferenciación intelixente nas actividades das diferentes plataformas loxísticas que evite a auto-competencia.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA3/16: Elaboración da estratexia integral de optimización loxística de Galicia (PA 3/16).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de infraestruturas e vivenda, Portos de Galicia, Puertos del Estado, Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- O medio ambiente.

7. INDICADORES DE SEGUIMIENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.1.3.1	Toneladas de mercadorías transportadas por mar en Galicia (%). ⁽¹⁾	16,49% (2015)	23,08% (▲ 40%)
I.2.1.3.2	Toneladas de mercadorías transportadas por ferrocarril en Galicia (%). ⁽¹⁾	2,58% (2015)	5,87% (▲ 50%)

Notas:

(1) IGE (2017h)

Fonte: Elaboración propia.

PROPOSTA 2.1.4	Promover as actuacións necesarias cara a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.1.- Por unha priorización de terminais loxísticas e de chan industrial encaixada na euronrexión.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade 2: Aproveitar ao máximo o potencial do mercado interior desenvolvendo as infraestruturas necesarias. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. - Subliña 2.1: Establecemento de medidas de homoxeneización e redución do custo loxístico e de transporte. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade de Actuación 1.4: Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Infraestruturas e loxística. Medida 4: Coordinar un esquema integrado e único de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias, complementadas con transporte por estrada.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O deseño actual do corredor atlántico ferroviario de mercadorías arranca en Lisboa, e conecta na provincia de Zamora co ramal que se inicia en Alxeciras e pasa por Madrid. Dende alí, a través de Valladolid, Burgos e Vitoria chega a Hendaia, porta do mercado europeo. Tamén se está a desenvolver un corredor de semellantes características que conecta as rexións mediterráneas dende Alxeciras ata Nimes en Francia. Deste xeito, Galicia, quedou á marxe desa modernización do transporte ferroviario, circunstancia que lastra principalmente aos seus portos e, por tanto, dificulta a competencia coas terminais portuguesas de Leixoes e Lisboa.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Conseguir que as diferentes plataformas loxísticas galegas teñan conexión directa co Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías. Trátase de formar un grupo de influencia composto por representantes dos interlocutores sociais, de todos os sectores relacionados co transporte de mercadorías, así coma das administracións, tanto autonómicas coma locais. O fin é acadar unha modificación no trazado do Corredor Atlántico de Mercadorías que permita a conexión deste cos portos galegos, co resto de plataformas loxísticas de Galicia así coma co eixe atlántico de ferrocarril (Porto - A Coruña). Conseguir esta conexión ten unha importancia capital para que as empresas manufactureiras galegas compitan en igualdade de condicións no mercado internacional.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2011_COMISIÓN_EUROPEA: Liñas troncais do transporte ferroviario de mercadorías. Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de infraestruturas e vivenda, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- As plataformas loxísticas de Galicia.
- O medio ambiente.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
-	Non procede	-	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 117.

PROPOSTA 2.2.1	Fomentar o redeseño ecoeficiente dos procesos industriais, tanto na xestión de fluxos loxísticos como nas decisións de investimento en "end-of-pipe technologies".
---------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉXICO DA PROPOSTA

RETO	2.2.- Por un equilibrio entre o custo do subministro eléctrico e a redución das emisións de CO₂.
ALINEACIÓN ESTRATÉXICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible. Área Produción e consumo. Obxectivo 1: Aumentar o aforro e a eficiencia no uso dos recursos en todos os sectores. - Obxectivo 2: Prever a contaminación, reducir a xeración de residuos e fomentar a reutilización e a reciclaxe dos xerados. - Obxectivo 4: Optimizar enerxética e ambientalmente as necesidades de mobilidade das persoas e os fluxos de mercadorías. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes. - Prioridade 3.2: Fomento dunha economía baixa en carbono. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque Estratéxico: Sostibilidade. - Medida 1.1: Favorecer a adopción de prácticas sostibles e comprometidas co medio ambiente e coa sociedade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En Galicia, as emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2015 situáronse un 1% por riba das rexistradas no 1990, afastándose do obxectivo marcado na Estratexia 2020 de reducir as emisións nun 20% en relación ás existentes en 1990. Isto parece indicar que os nosos procesos industriais non están sendo todo o ecoeficientes que sería desexable. Ademais, obsérvase que as nosas empresas, en numerosas ocasións, están a investir en tecnoloxías de eliminación de residuos e refugallo que actúan con posterioridade ao proceso produtivo. No seu lugar, poderían investir noutras tecnoloxías que minimicen o impacto dese proceso cunha perspectiva *ex-ante* que teña tamén en conta a redución no uso de recursos naturais e de materias primas máis respectuosas co medio ambiente. Os fluxos loxísticos, coma parte do proceso industrial, tamén adoecen dunha maior eco-eficiencia. Cuestións coma a concentración no transporte por estrada, a non saturación nos envíos ou o escaso investimento en "clean technologies" son probas da existencia dunha importante marxe de mellora neste terreo.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Reducir a xeración de residuos, refugallo e emisións contaminantes derivadas dos procesos industriais e dos fluxos loxísticos. Búscase impulsar o redeseño dos procesos industriais e loxísticos, procurando unha maior eficiencia dos mesmos, non só dende un punto de vista económico, senón tamén sendo respectuosos co medio ambiente. Deste xeito se contribúe ao desenvolvemento sustentable, ao tempo que as empresas conseguen incrementar a súa competitividade. Dentro desta procura da eficiencia, darase prioridade a medidas proactivas antes que ao uso de tecnoloxías para minimizar os danos ambientais despois do proceso produtivo.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA3/16, Elaboración da estratexia integral de optimización loxística de Galicia (PA 3/16)

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Axencia Galega de Innovación (GAIN).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- O medio ambiente.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.2.1.1	Emisións de CO ₂ equivalentes no sector do transporte en Galicia (quilotoneladas). ⁽¹⁾	5.595,47 (2015)	4.476,38 (▼ 20%)

Notas:

(1) Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio (2016)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 118.

**PROPOSTA
2.2.2**

Mellorar os custos da enerxía facilitando a xeración distribuída, a difusión de redes intelixentes de electricidade e a potenciación dun mix tecnolóxico que incorpore o uso de renovables.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.2.- Por un equilibrio entre o custo do subministro eléctrico e a redución das emisións de CO ₂ .
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 4: Unha Europa que utilice eficazmente os recursos. COM (2014) 14 final - Por un renacemento industrial europeo. Prioridade 4: Para fomentar o investimento, as empresas necesitan acceso a inputs fundamentais e, en particular, un acceso á enerxía e ás materias primas a prezos asumibles que reflexen as condicións internacionais de costes. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 3: Asegurar un subministro enerxético estable, competitivo e sostible dentro da UE. - Subliña 3.1: Mellora dos custos asociados á enerxía. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: factores territoriais de competitividade. Enfoque Estratéxico: Enerxía. - Medida 2: Asegurar a subministración enerxética de calidade a prezos competitivos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Segundo o Instituto Enerxético de Galicia, no ano 2015 a comunidade galega importou o 82,12% (10.682 ktep) da enerxía primaria para consumo e transformación, exportando o 62,53% (6.209 ktep) da súa produción. Ademais, experimentou unha diminución na capacidade de autoabastecemento de enerxía eléctrica motivada pola baixada da xeración de enerxías renovables (pasaron do 61,4% no ano 2014 ao 52,5% no 2015). Cabe sinalar tamén que os contratos de subministro ás empresas estanse a negociar ano a ano, o que xera unha gran incerteza especialmente entre os maiores consumidores. Ademais, o prezo da tarifa eléctrica márcano as fontes máis caras de xeración de enerxía, o que encarece o prezo de fontes con menor custo como a hidroeléctrica, da que Galicia é un dos principais produtores.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Establecer mecanismos para reducir a dependencia e o custo enerxético das empresas manufactureiras galegas.

Preténdese descentralizar a produción da enerxía para que as empresas manufactureiras teñan unha menor dependencia do mercado maiorista e poidan, deste xeito, reducir custos ao mesmo tempo que rebaixan a incerteza da tarifa na súa planificación de gastos. Incluída nesta descentralización, propónse a potenciación no uso das enerxías renovables, incluídas as xeradas polas propias empresas. A acción complétase coa potenciación de redes intelixentes que facilitan un maior control e optimización do consumo enerxético. En calquera caso, é desexable que os consumidores industriais galegos teñan un retorno positivo no custo eléctrico tanto polo potencial enerxético existente en Galicia como polos efectos medioambientais negativos que na nosa Comunidade ten a xeración de enerxía.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- SMARNET (H2020).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- O medio ambiente.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.2.2.1	Prezo da enerxía eléctrica en Galicia (€/Kwh). ⁽¹⁾	0,10262 (2016)	0,092358 (▼ 10%)
I.2.2.2.2	Xeración de enerxías renovables sobre o total da produción enerxética de Galicia (%). ⁽²⁾	52,60% (2015)	78,90% (▲ 50%)
I.2.2.2.3	Importacións galegas de enerxía primaria (%). ⁽²⁾	82,12% (2015)	69,80% (▼ 15%)

Notas:

(1) GAIN-CZV (2017)

(2) INEGA (2015)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 119.

PROPOSTA 2.3.1

Deseñar un programa público de sistematización da excelencia operacional, captura de datos e a virtualización de procesos, como paso previo á incorporación de tecnoloxías asociadas á Industria 4.0.

1. MARCO ESTRATÉXICO DA PROPOSTA

RETO	2.3.- Pola transformación dixital da industria galega.
ALINEACIÓN ESTRATÉXICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. Industria conectada 4.0. A transformación dixital da industria española. Liña de actuación 04: Promover as actuacións adecuadas para a posta en marcha da Industria 4.0. - Área estratéxica 4.1: Apoio á adopción da I4.0 pola industria. - Iniciativa 4: Fomentar a adaptación da estrutura organizativa empresarial das PeMEs aos novos requirimentos da dixitalización. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. - Prioridade 2.2: Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do Futuro".

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Dende hai xa algún tempo, son numerosas as voces que propoñen a industria 4.0 como único medio para garantir a supervivencia das empresas manufactureiras. Para elo insisten na necesidade de que as empresas afronten a implantación de tecnoloxías que lles permitan transformarse nesas factorías do futuro que aproveiten todas as vantaxes da colaboración entre o home e as máquinas. Sen embargo, existen numerosas empresas que antes de pensar na industria 4.0 deberían de dar unha serie de pasos previos para optimizar ben os seus procesos industriais (sistematizando a mellora continua), dixitalizalos e automatizar os fluxos de información. Esta dixitalización previa facilitaría, ademais, unha elección máis eficiente das tecnoloxías que se adquiren cara a industria 4.0 xa que permitiría centrarse nas necesidades reais da empresa en lugar de facelo na "novidade" da tecnoloxía a incorporar.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Evitar a automatización do desperdicio nas operacións industriais a través da sistematización da optimización de procesos, sobre a base da mellora continua.

Implantación dunha cultura empresarial que apoie a excelencia operacional, a captura de datos nos procesos e a simulación destes coma paso previo a súa implantación real nas empresas manufactureiras. Perséguese que estas actividades non se realicen de forma illada, senón mediante un proceso organizado, ordenado e estruturado que permita establecer un marco axeitado para que a implantación das tecnoloxías asociadas a industria 4.0 se faga sobre procesos eficientes.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_FEDER_PA1/16: Servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de empresa dixital e industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas.
- 2017_XUNTA_PILOTO_4_0: Convocatoria dos premios e axudas aos proxectos piloto fábrica 4.0 en Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.2.2.1	Empresas manufactureiras galegas que invisten en innovación tecnolóxica para a mellora de procesos (%).	n.d.	-
I.2.2.2.2	Empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que utilizan aplicacións de procesamento automático de información tipo ERP (%). ^{(1) (2)}	14,76% (2016)	29,52% (▲ 100%)
I.2.2.2.3	Empresas manufactureiras galegas que invisten en innovación organizativa (%).	n.d.	-

Notas:

(1) INE (2017c)

(2) O indicador do INE fala de software de código aberto

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 120.

PROPOSTA 2.3.2	Vincular a implantación de tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFEs) á innovación en modelos de negocio para estimular a diversificación das empresas galegas, particularmente nos sectores tractores galegos.
---------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	2.3.- Pola transformación dixital da industria galega.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. Axenda Dixital para España. Obxectivo 2: Desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización da empresa española. – Subobxectivo 2.6: Potenciar as industrias de futuro. Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes. RIS3 Galicia. RETO 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. – Prioridade 2.1: Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs].

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

É habitual que as empresas galegas invistan con forza en novas ideas e tecnoloxías, pero a miúdo amosan un mellorable desempeño en innovación en modelos de negocio que permitan aproveitar eses insumos. Esta circunstancia debe mudar, xa que este tipo de innovación adoita ser un factor xerador de vantaxes competitivas baseadas no *know how* dificilmente replicables polos competidores. Debemos ter en conta, ademais, que as innovacións en modelo de negocio non requiren dun forte investimento en I+D, e é difícil que se centren nunha tecnoloxía equivocada. Á hora de deseñar esas innovacións en modelo de negocio, as TFEs constitúen unha oportunidade para crear espazos de mercado sen explotar en lugar de seguir operando en mercados onde hai moitos competidores, coa conseguinte dificultade para acadar altos rendementos.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Impulsar a diversificación das empresas galegas, especialmente nos sectores tractores galegos, aproveitando a implantación das tecnoloxías facilitadoras esenciais para inspirar novos modelos de negocio.

Utilizar a implantación das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais para promover a innovación en modelos de negocio que favoreza a diversificación das empresas dos sectores tractores galegos. Deste xeito espérase acadar un efecto de arrastre nas industrias manufactureiras cara a actividades máis intensivas en coñecemento, favorecendo a cooperación e a hibridación entre empresas de diferentes sectores produtivos.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2015_XUNTA_CONECTA_PEME.
- 2017_XUNTA_U_MIXTAS.
- 2017_XUNTA_INTERCONECTA.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.2.3.2.1	Ventas no sector manufactureiro galego que corresponden a novos modelos de negocio (%).	n.d.	-
I.2.3.2.2	Empresas do sector manufactureiro galego que declaran utilizar polo menos unha TFE (%).	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 121.

PROPOSTA 2.3.3	Crear un Observatorio dos factores de competitividade das empresas manufactureiras para afrontar con maiores garantías a transición dixital.
---------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉXICO DA PROPOSTA

RETO	2.3.- Pola transformación dixital da industria galega.
ALINEACIÓN ESTRATÉXICA (EUROPEA, ESTATAL E REXIONAL)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. COM (2010) 614 final. Unha política industrial integrada para a era da globalización: poñer a competitividade e a sustentabilidade no punto de mira. Prioridade 3: Mellorar as condicións marco pola industria. –Medida 3.1: Verificación da competitividade e posta en práctica dunha regulación intelixente. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 2: Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Prioridade 1.2: Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A transformación dixital ofrece a oportunidade de modificar o patrón de crecemento, asegurando un avance estable e sostible, non só no terreo económico, senón tamén no social e ambiental (economía circular, bioeconomía...). Co gaio de aproveitar esas potenciais vantaxes é necesario elaborar estratexias de dixitalización que contén coa participación dos interlocutores económicos e sociais. Para elaborar calquera estratexia é imprescindible contar con información que permita, por un lado, establecer a situación inicial e os obxectivos a alcanzar e, por outro, a avaliación no desempeño da estratexia cara a alcanzar eses obxectivos.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Contar con datos fiables que permitan definir e avaliar estratexias de dixitalización que contribúan a facer sostibles e competitivas ás empresas manufactureiras galegas.

Para poder elaborar estratexias e políticas que garantan que as empresas manufactureiras aproveitan, da forma máis eficiente posible, as vantaxes que ofrece a dixitalización, é necesario contar con datos relativos a como está a influir esa transición nos diferentes factores de competitividade desas empresas. Para acadar eses datos, e que estes sexan o máis actualizados posibles, se propón a creación dun observatorio que avalíe a situación das empresas no relativo aos factores de competitividade.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

– 2016_CAMARA_DE_COMERCIO_DE_ESPAÑA: Observatorio da Competitividade Empresarial

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Axencia Galega de Innovación (GAIN) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

– O conxunto das empresas manufactureiras galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMIENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
-	Non procede	-	-

Fonte: Elaboración propia.